

XX AGOSTO EN CAMBRE

1. O “XX Agosto en Cambre” celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP:15660 Cambre) o día 21 de agosto de 2021.
2. Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 10 minutos por xogador + 3 segundos por xogada.
3. As inscricións son gratuitas e realizaranse presentando o [formulario de inscrición](#) no Rexistro Municipal ou nada sede electrónica (sede.cambre.es) a través dunha solicitude xeral adxuntando o arquivo de inscrición cuberto como moi tarde o xoves 19 de agosto. Tamén poderá realizarse a inscrición enviando o [formulario de inscrición](#) ao email escolaxadrezsigras@hotmail.com antes das 21:00 do xoves 19 de agosto. Ante calquera dúbida co procedemento de inscrición os interesados poden preguntar no email escolaxadrezsigras@hotmail.com ou no número de teléfono 618898535 (preferiblemente por WhatsApp).
4. Os xogadores deberán cumprir en todo momento o [PROTOCOLO FISIICOVID-DXTGALEGO PARA XADREZ](#) para competición (antes, durante e despois) para os axentes participantes. En caso contrario, poderán ser dados de baixa no mesmo.
5. Os xogadores deberán cubrir e remitir por email (escolaxadrezsigras@hotmail.com) a declaración de aceptación e responsabilidade, segundo modelo protocolo covid-19 ([enlace para menores de idade](#) e [enlace para maiores de idade](#)).
6. O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez rápido.
7. O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 15:45 e rematará coa entrega de premios ás 20:30.
8. A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º bucholz brasileiro, 3º bucholz total e 4º APRO.
9. Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.
10. Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.
11. É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.
12. O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
13. Todo o non especificado nestas bases rexerase polas normas e regulamento da FIDE.
14. Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).
15. A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

16. Os premios (1000 €) serán os seguintes (en caso de que algunha persoa teña dereito a dous premios levará o de maior cantidade, e se foran do mesmo valor levará o da clasificación xeral):

1º clasificado	200 € + Trofeo	10º clasificado	50 € + Trofeo
2º clasificado	100 € + Trofeo	1º local	70 € + Trofeo
3º clasificado	85 € + Trofeo	2º local	40 € + Trofeo
4º clasificado	80 € + Trofeo	1º sub-18	50 € + Trofeo
5º clasificado	75 € + Trofeo	1º sub-16	Trofeo
6º clasificado	70 € + Trofeo	1º sub-14	Trofeo
7º clasificado	65 € + Trofeo	1º sub-12	Trofeo
8º clasificado	60 € + Trofeo	1º sub-10	Trofeo
9º clasificado	55 € + Trofeo	1º sub-8	Trofeo